



Oficina de Medio Ambiente
UNIVERSIDADE DA CORUÑA



crue
Universidades
Españolas
Sostenibilidad

RECOMENDACIÓN PARA A ELABORACIÓN DE POLÍTICAS DE VIAXES SUSTENTÁBEIS NAS UNIVERSIDADES

Resumo elaborado pola OMA-UDC a partir da publicación do Grupo de traballo Universidade e Mobilidade Sustentable da CRUE

OBXECTIVO

FACILITAR A TOMA DE CONCIENCIA NAS UNIVERSIDADES SOBRE A PROBLEMÁTICA ASOCIADA A MOBILIDADE EN AVIÓN, E QUE, A PARTIR DESTA CONCIENCIACIÓN, SE DISPOÑA DE RECOMENDACIÓNS PARA ORIENTAR E FACER POSÍBEL REGULAR ESTA ACTIVIDADE A NIVEL INSTITUCIONAL.

- Segundo o Ministerio para la Transición Ecológica y el Reto Demográfico (2019), as emisión por mobilidade representan o 29% do total, sendo o sector que máis GEI¹ xerou.
- Resultan especialmente intensos os impactos causados polo transporte aéreo, no que respecta a relación de impacto por pasaxeiro/km.
- O transporte aéreo emite case 3 veces máis CO₂ por pasaxeiro/km ca o coche, 4 veces máis ca o autobús e case 20 veces máis ca o tren.
- A mobilidade xerada polas universidades é unha das actividades con maior impacto ambiental.
- A mobilidade xerada causa de traballo (PAS, PDI) supón unha parte importante dos impactos ambientais.
- O presente documento fornece de recomendación para apoiar as universidades no deseño da súa política de viaxes.
- O grupo de traballo Universidade e Mobilidade de CRUE-Sustentabilidade traballa (desde a súa creación, 2010) na elaboración de recursos de apoio ás universidades para a análise da mobilidade:
 - ✓ Causas: planificación do territorio e planificación do transporte.
 - ✓ Impactos: ambientais, sociais e económicos.
 - ✓ Planificación e aplicación de medidas preventivas, correctoras e compensatorias.

¹Gases de Efecto Invernadoiro

CÓMO IMPLEMENTAR UNHA POLÍTICA DE VIAXES SUSTENTÁBEIS NAS UNIVERSIDADES

A. Planificación e monitorización das emisións e doutros impactos ambientais asociados a viaxes


- Inventario dos desprazamentos do ano anterior á elaboración da política de viaxes sustentable e emisións asociadas (Estudo de caso).
- Inventario anual dos desprazamentos realizados despois da aplicación da política de viaxes sustentable e emisións asociadas (Avaliación resultados).
- Difusión dos resultados obtidos e dos obxectivos planeados como ferramenta de sensibilización da comunidade universitaria.

B. Recomendacións para a incorporación de criterios de sustentabilidade na política institucional de viaxes

- Recoméndase priorizar accións e eventos (reunións, obradoiros, seminarios, etc.) que se poidan realizar sen necesidade de desprazamentos físicos.
- Naquelas situacións que viaxar sexa inevitable, recoméndase fomentar as actividades nas que se poida participar utilizando medios de transporte terrestre.
- Ante calquera actividade que implique desprazamento en avión, recoméndase valorar a necesidade real de participar nela.
- Despois das anteriores alternativas, cando a viaxe en avión sexa necesaria:
 - Priorizar voos directos, cando existan rutas dispoñíbeis, aínda que o prezo sexa maior.
 - Seleccionar aerolíneas con menor intensidade de emisións debido a súa eficiencia.

C. Recomendacións para a promoción dunha cultura organizacional que promova a sustentabilidade das viaxes.

- Como organizadoras de actividades, recoméndase ás universidades que prioricen iniciativas que minimicen as necesidades de viaxes.
- Incorporar os criterios da política de viaxes sustentábeis nas directrices a cumprir por parte da empresa externa que as xestione, de ser o caso.
- Cando son as persoas da comunidade universitaria que xestionan de forma autónoma as súas reservas, recomendarase a aplicación destes criterios á hora de contratar as viaxes.
- Sempre que sexa posíbel, recoméndase á Universidade asumir a diferenza de custe entre unha viaxe menos sustentábel e barata, e outra máis sustentábel e cara.
- Cuando a viaxe nun medio de transporte máis sustentábel implique un incremento de horas de desprazamento que supoña superar a xornada laboral, recoméndase á Universidad acordar coa persoa que realiza a viaxe a compensación da diferenza de horas.



CRITERIOS PARA MINIMIZAR EMISIÓNS NAS VIAXES Á HORA DE ORGANIZAR UNHA ACTIVIDADE

Organiza menos actividades

- É realmente necesario que sexa presencial para acadar o obxectivo?
- O valor engadido do evento presencial xustifica o impacto das viaxes?
- Hai alternativas a distancia?

Aproveita as actividades que organices

- É posíbel agrupar nun evento varias actividades?
- Se algunha persoa se achega de lonxe, aproveita ao máximo a súa estadía para evitarlle viaxes aquí nun bo tempo

Emprega a tecnoloxía

- Tes planeado organizar o evento 100% online?
- Dispón dos recursos para que a participación a distancia sexa unha opción real e atractiva

DESEÑO DE EVENTOS PARA REDUCIR A PEGADA ECOLÓXICA

SENSIBILIZA

- Nas comunicacións sobre o evento: Recorda sempre a importancia de utilizar medios de transporte terrestre.
- Anima ás persoas asistentes a cubrir un formulario para que decidan se realmente é necesaria a viaxe.

FACILITA

- Asegura o reembolso de billetes de transporte terrestre, aínda que sexan mais caros.
- Axuda ás persoas participantes na reserva de billetes por medios terrestres (sitios especializados, consellos...)

INCENTIVA

- Emprega a túa creatividade para outorgar incentivos e recoñecementos a quen decide utilizar medios de transporte sustentábeis.

PLANIFICA

- Estuda os traxectos das persoas participantes e asegúrate que (1) o lugar do evento minimiza os desprazamentos, (2) é un lugar de fácil acceso por transporte terrestre, compartido, público.
- Dálle valor a persoas relatoras de proximidade.

ÁRBORE DE DECISIÓN PARA VIAXES INDIVIDUAIS

